

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 26 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e seis de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(812).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e das súas sesións extraordinarias e urxentes do 12 de xullo de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(813).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A TERRAUGA. S.L. EXPTE. 4528/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 12-07-13, da técnica de Admon. Xeral de Contratación e visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 10-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L., a fianza de 5.420,74 euros constituída para responder das obras de substitución da cuberta da nave do Parque

Central de Bombeiros, xa que as obras foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía

3(814).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NOS MESES DE MAIO E XUÑO 2013. EXPTE. 394/341.

Cumprindo coa base 31 das de execución do Orzamento do Concello para o ano 2013, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais nos meses de maio e xuño de 2013:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO (341)	Expte. 353-341. Subministración de materiais para mantemento, reparación e conservación en dependencias museísticas. Manuel Muradás Seara (PUNTO FIJO), con NIF: 36159467V. RCM 30511.	06/05/13	5.191,20 €
SERVIZO (341)	Expte. 352-341. Contratación de servizos para mantemento, reparación e conservación en dependencias museísticas. JOSE MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL). NIF: 36130547P. RCM 33734	14/05/13	3.333,55 €
SERVIZO (341)	Factura. Expte. 380-341. Varios traballos en Casa das Artes: reparación línea focos, reparación carril...JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ. NIF: 36130547P (OSIGAL). (Expte. Xenérico 293-341)	20/05/13	550,55 €
SERVIZO (341)	Factura. Expte. 382-341. Pintura sala exposicións.JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ. NIF: 36130547P (OSIGAL) (Expte. Xenérico 293-341)	20/05/13	145,20 €
SERVIZO (341)	Expte.358-341. Espiral Alambre negro para encuadernar. PAZ DISMAC, S.L. CIF: B-36062180. (Expte xenérico 259-341)	02/05/13	22,51 €
SERVIZO (341)	Expte. 380-341. Varios traballos en Casa das Artes: reparación línea focos, reparación carril...JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ. NIF: 36130547P (OSIGAL) (Expte. Xenérico 293-341)	20/05/13	550,55 €
SERVIZO (341)	Expte. 382-341. Pintura sala exposicións.JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ. NIF: 36130547P (OSIGAL) (Expte. Xenérico 293-341)	20/05/13	145,20 €
SERVIZO (341)	Expte. 386-341. Materiais Casa das Artes. PUNTO FIJO. MANUEL MURADÁS SEARA. NIF: 36159467V. (Expte. Xenérico 331-341)	23/05/13	824,43 €
VERBUM (340)	Expte. 2247-340. Fra de JOSE MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ, por reparación de elementos nas instalacións do Verbum. 36130547P. Cargada no RCM nº 201300012730 do Expte 2221-340 "RC-Mantementos nas instalacións do Verbum".	20/05/13	205,70 €

VERBUM (340)	Expte. 2238-340. Fra de JOSE MANUEL MUIÑOS RODRIGUEZ, por mantementos no edificio e na exposición permanente do Verbum. 36130547P. Cargada no RCM nº 201300029297 do Expte 2238-340 "RC-Mantementos edificio e elementos expo permanente Verbum".	20/05/13	326,70 €
VERBUM (340)	Expte. 2245-340. Fra de Kone ascensores, por reparación no ascensor do Verbum. A28791069. Cargada no RCM nº 201300023920 do Expte 2229-340 "RC-Reparacións nas instalacións do Verbum".	09/05/13	25,41 €
VERBUM (340)	Expte. 2249-340. Fra de Corporación de Comunicaciones, S.L., por traballo técnico de cartelería no Verbum. Cargada no RCM nº 201300010437 do Expte 267-341 Traballos Técnicos.	24/05/13	229,90 €
VERBUM (340)	Expte. 2246-340. Fra de Biclick, SLU, por reparación ordenador Mac da expo permanente do Verbum. Cargada no RCM nº 201300023921 do Expte 2230-340 "RC-reparación equipos para proceso de información".	14/05/13	648,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2251-340. Fra de Biclick, SLU, por reparación ordenador Mac da expo permanente do Verbum. Cargada no RCM nº 201300023921 do Expte 2230-340 "RC-reparación equipos para proceso de información".	29/05/13	648,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2244-340. Fra de Manuel Muradás Seara, por suministro de elementos para mantementos e reparacións no Verbum. Cargada no RCM nº 201300026285 do Expte 331-341 "RC-subministro material reparación e conservación dependencias".	08/05/13	565,60 €
VERBUM (340)	Expte. 2243-340. Fra de Celtsener, por reparación na instalación de climatización do Verbum. Cargada no RCM nº 201300029297 do Expte 2239-340 "RC-mantementos e reparación en instalacións do Verbum".	02/05/13	692,52 €
QUIÑONES (337)	Fra nº expte. 4905/337 Dimapul CIF B36928844 material oficina (Xenérico 4802/337 Subministros)	23/05/13	28,19 €
QUIÑONES (337)	Fra nº expte. 4889/337 OCA CIF A40007460 inspección periódica baixa tensión Ftra nº expte. 4895/337 Andrea Serodio Domínguez NIF 36149476P localización materiais arqueolóxicos Ftra nº expte.4906/337 María Rosa Seoane Gámez CIF77006838D (Xenérico 4807/337 Traballos especializados)	09/05/13	217,80 €
		18/05/13	60,50 €
		28/05/13	96,80 €
QUIÑONES (337)	Fra nº expte. 4899/337 V-2 Complementos Auxiliares; CIF A-78601945 auxiliares sala abril 2013 (Xenérico 4800/337 Atención ao público)	16/05/13	565,12 €
SERVIZO (341)	Expte. 376-341. Contratación dunha póliza de seguro para o aseguramento da colección Luis Torras na Casa das Artes. Axa Art Versicherung ag., sucursal en España. CIF: W0042565B. RCM 36505.	06/06/13	3.660,75 €
SERVIZO (341)	Expte. 377-341. Contratación dunha póliza de seguro para o aseguramento da colección Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura. Axa Art Versicherung ag., sucursal en España. CIF:W0042565B. RCM 36506	06/06/13	885,10 €

SERVIZO (341)	Factura. Expte. 392-341. Servizo de mensaxería e distribución do Servizo de Museos Municipais. ABRIL 2013. REPARTO Y GESTIÓN URGENTE, S.L. CIF: B-36821494. (Expte. Xenérico 258-341)	04/06/13	4,60 €
SERVIZO (341)	Expte. 369-341. Instalación de cables de datos/voz para dar servizo na sala de ordenadores da planta baixa de Casa das Artes. Iris Computers, S.L. CIF: B80654429. RCM 43761	21/06/13	1.350,36 €
SERVIZO (341)	Expte. 390-341. Subministración de correas e filtros en máquinas de climatización da Pinacoteca "Francisco Fernández del Riego". RCM 38657. Celtsener, S.L., CIF 36422905	04/06/13	1.395,53 €
SERVIZO (341)	Expte. 395-341. Producción de material gráfico para varias exposicións programadas para o segundo semestre do ano 2013. Ecovigo Publicidad, S.L., CIF: A36650992. RCM 43771	21/06/13	21.694,71 €
SERVIZO (341)	Expte. 402-341. Servizo de distribución de correspondencia exposición "Afinidades Selectivas 6". UNIPOST, S.A. CIF: A-62690953. (Expte xenérico 258-341)	07/06/13	144,78 €
SERVIZO (341)	Expte. 426-341. Servizo mensaxería e distribución do Servizo de Museos Municipais. XUÑO 2013. REPARTO Y GESTIÓN URGENTE, S.L. CIF: B-36821494. (Expte xenérico 258-341)	30/06/13	24,08 €
SERVIZO (341)	Expte. 427-341. Servizo de distribución de correspondencia exposición "Colección Visible". UNIPOST, S.A. CIF: A-62690953. (Expte xenérico 258-341)	15/06/13	146,89 €
SERVIZO (341)	Expte.419-341. Substitución de presostato de gasóleo. CELTSENER, S.L. CIF: B-36422905.	06/06/13	291,21 €
SERVIZO (341)	Expte. 420-341. Reparación caldeira por mala combustión en Casa das Artes. CELTSENER	06/06/13	272,25 €
SERVIZO (341)	Expte. 401-341. Traballos en Pinacoteca, Casa das Artes e Casa Galega da Cultura. JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL). NIF: 36130547P	10/06/13	229,90 €
SERVIZO (341)	Expte. 400-341. Colocación de lámparas en Casa das Artes. JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL). NIF: 36130547P	10/06/13	36,30 €
SERVIZO (341)	Expte. 399-341. Reparación 5 luminarias na Pinacoteca. JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL). NIF: 36130547P.	10/06/13	96,80 €
SERVIZO (341)	Expte. 397-341. Cambio lámparas na Pinacoteca. JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL). NIF: 36130547P	0/06/13	290,40 €
SERVIZO (341)	Expte. 398-341- Pintar interior salas CAT. JOSE M. MUIÑOS RODRÍGUEZ (OSIGAL). NIF: 36130547P	11/06/13	157,30 €

SERVIZO (341)	Expte. 355-341. Produción de material gráfico para a exposición "Afinidades Selectivas 6", na casa Galega da Cultura, promovida pola Universidade de Vigo.	20/06/13	1.250,84 €
VERBUM (340)	Expte 2254-340. Fra nº 0613/626 de JOSÉ M. MUIÑOS *OSIGAL", 36130547-P con cargo ao expediente 2238-340 "mantementos edificio e eltos expo permanente Verbum". RCM 201300029297.	12/06/13	411,40 €
VERBUM (340)	Expte 2256-340. Fra nº 0613/627 de JOSÉ M. MUIÑOS *OSIGAL", 36130547-P con cargo ao expediente 2238-340 "mantementos edificio e eltos expo permanente Verbum". RCM 201300029297.	12/06/13	48,40 €
VERBUM (340)	Expte 2255-340. Fra nº 4001127307 de CORREOS Y TELÉGRAFOS, S.A., A83052407, con cargo ao expediente 261-341 "comunicacións postais".	11/06/13	116,56 €
QUIÑONES (337)	Ftra nº expte. 4913/337 V-2 Complementos Auxiliares; CIF A-78601945 auxiliares sala maio 2013 (Xenérico 4800/337 Atención ao público)	13/06/13	623,98 €
QUIÑONES (337)	Ftra nº expte. 4917/337 Iluminart CIF B94081502 Porteo (Xenérico 4807/337 Traballos especializados)	14/06/13	369,45 €
QUIÑONES (337)	Ftra nº expte. 4913/337 V-2 Complementos Auxiliares CIF A-78601945 auxiliares sala maio 2013 Ftra nº expte. 4916/337 Pedro Cordón Casais CIF 36092849F Visitas guiadas 18 e 19 de maio Ftra nº expte. 4918/337 Iluminart CIF B94081502 Visitas guiadas 18 e 19 de maio (Xenérico 4800/337 Atención ao público)	13/06/13 17/06/13 14/06/13	623,98 € 968,00 € 798,60 €

4(815).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PARCIAL DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO DE VIGO PARA AS SUAS ACTIVIDADES E PROXECTOS DEPORTIVOS DURANTE A TEMPORADA 2012-2013. EXPTE. 11943/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 15-07, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes; vistos así mesmo os informes da Intervención Xeral do 15 e do 19/07/13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2012/2013 según se establece no Anexo I, por importe de 530.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2013, deixando pendente a aprobación da resolución da subvención proposta para a S.D. Octavio (G-36907384) ata que, no prazo establecido legalmente, a entidade acredite que se atopa ó corrente de pago coa AEAT.

Segundo.- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

- Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
C.B. ÁREA METROPOLITANA	G-36825347	130038087
TREBOADA S. SALVADOR F.S.	G-36645075	130039773
CLUB SIEIRO ACROBACIA	G-36846608	130038075

- Por renunciar con carácter previo á resolución:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
GZ HORSE	G-36363448	130065700

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIÓNS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2012-2013.

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PUNTOS OB-TIDOS	Importe Subvención total Convocatoria Tº 2012/2013
1	ACT. SUBACUÁTICAS	SUBACUÁTICO BAHÍA DE VIGO	G-36655983	1,03	800,00 €
2	ATLETISMO	REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO	G-36945319	5,14	4.000,00 €
3	ATLETISMO	CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA	G-36927689	6,43	5.000,00 €
4	ATLETISMO	COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	7,71	6.000,00 €
5	ATLETISMO	S.D ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G-36645018	4,5	3.500,00 €
6	ATLETISMO	CLUB ATL. VETERANOS DE SAMIL	G-36841906	0,39	300,00 €
7	ATLETISMO	AGRUPAC. VIGUESA ATLETISMO	G.36645109	1,93	1.500,00 €
8	AUTOMOBILISMO	ESCUDERÍA ENXES MOTOR	G-27755974	0,51	400,00 €
9	BADMINTON	CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS	G-27709500	3,86	3.000,00 €
10	BAILE DEPORTIVO	CLUB BAILE AL COMPÁS	G-27711597	0,77	600,00 €
11	BALONCESTO	BALONCESTO RIAS BAIXAS	G-27777127	0,64	500,00 €
12	BALONCESTO	C.D. COLEXIO MARIANO	G-36649408	0,9	700,00 €
13	BALONCESTO	CLUB DEPORTIVO BOSCO	G-36692317	39,86	31.000,00 €
14	BALONCESTO	C.D. GALIZA CALIDADE	V-36984458	0,64	500,00 €
15	BALONCESTO	C.B. SAN JOSÉ DE LA GUÍA	G-36756831	2,57	2.000,00 €
16	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO ANDERSEN	G-36960375	0,26	200,00 €
17	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G-36875391	4,5	3.500,00 €
18	BALONCESTO	RODABALLO BALONCESTO	G-36815413	0,26	200,00 €
19	BALONCESTO	SEIS DO NADAL BC	G-36942142	23,14	18.000,00 €
20	BALONCESTO	C.D. AMFIV	G-36711380	21,86	17.000,00 €
21	BALONMAN	UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	G-36810075	21,86	17.000,00 €
22	BALONMAN	SD CARBALLAL	G-36686376	6,43	5.000,00 €
23	BALONMAN	SD OCTAVIO	G-36907384	90	70.000,00 €
24	BALONMAN	SEIS DO NADAL BM	G-36948115	24,17	18.800,00 €
25	BÉISBOL	HALCONES DE VIGO	G-36933331	2,57	2.000,00 €
26	BÉISBOL	TRASNOS BEISBOL CLUB	G-27750645	1,93	1.500,00 €
27	BOLOS	C. BOLOS V. S. BARTOLOMÉ	G-27738962	0,51	400,00 €
28	BOLOS	CLUB DE BOLOS C. VALLAD.	G-36881316	0,26	200,00 €
29	BOLOS	CLUB BOWLING CELTA	G36685345	1,03	800,00 €
30	BOLOS	CLUB ORIENTAL VIGO	G-36694115	0,39	300,00 €
31	BOLOS	XISTRON BOWLING CLUB	G-36694149	0,39	300,00 €
32	BOXEO	SAGABOX	G-36987626	0,64	500,00 €
33	BOXEO	C.D SAUDADE	G-36662344	3,86	3.000,00 €
34	CICLISMO	C.C. BICI VERDE	G-36814515	0,64	500,00 €
35	CICLISMO	CC CORUXO	G-27710730	1,16	900,00 €
36	CICLISMO	CLUB CICLISTA MEIXOEIRO	G-36720951	2,57	2.000,00 €
37	CICLISMO	CLUB CICLISTA RÍA DE Vigo	G-36745107	4,63	3.600,00 €
38	CICLISMO	TEIS CC	G-36754323	3,34	2.600,00 €

39	CICLISMO	CLUB P. CICLOTUROSTA TRAVIESAS	G-36703213	0,77	600,00 €
40	CICLISMO	VIGUES CC	G-36650885	11,57	9.000,00 €
41	DEPORTE ADAPTADO	ASDAN	G-27776459	0,77	600,00 €
42	DEPORTE ADAPTADO	A.D. SODIM	G-36633022	0,77	600,00 €
43	DEPORTE ADAPTADO	ASOC. P. PLAYA DE SAMIL	G-36918084	0,77	600,00 €
44	DEPORTE ADAPTADO	CLUB ASOC. POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	1,29	1.000,00 €
45	DEPORTE ADAPTADO	CD SAN RAFAEL	G-36814093	1,8	1.400,00 €
46	DEPORTE ADAPTADO	CD SALADINO CORTIZO	G-36836716	0,39	300,00 €
47	DEPORTE ADAPTADO	TAMIAR APAMP	G-36657450	1,03	800,00 €
48	ESGRIMA	CLUB ESGRIMA EL OLIVO	G-36869873	3,86	3.000,00 €
49	ESPELEOLOXÍA	ESPELEOCLUB ARADELAS	G-36642247	1,41	1.100,00 €
50	FUTBOL	C.P. ALERTA NAVIA	G-36649283	11,57	9.000,00 €
51	FUTBOL	ARENAS DE ALCABRE SCD	G-36823912	4,24	3.300,00 €
52	FUTBOL	AREOSA C. D.	G-36690519	5,79	4.500,00 €
53	FUTBOL	S.C.D. ATLÁNTIDA MATAMÁ	G-36620854	4,63	3.600,00 €
54	FUTBOL	BALAÍDOS FC	G-36737724	5,79	4.500,00 €
55	FUTBOL	COYA CD	G-36753911	5,14	4.000,00 €
56	FUTBOL	GRAN PEÑA F.C.	G-36663656	10,8	8.400,00 €
57	FUTBOL	INDEPENDIENTE FC	G-36710416	5,14	4.000,00 €
58	FUTBOL	LA GUIA CD	G-36645612	4,24	3.300,00 €
59	FUTBOL	A.D. LAVADORES C.F.	G-36770931	4,63	3.600,00 €
60	FUTBOL	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G-36684124	5,79	4.500,00 €
61	FUTBOL	CCAR VALLADARES	G-36617082	2,96	2.300,00 €
62	FUTBOL	MOLEDO CF	G-36734226	0,77	600,00 €
63	FUTBOL	FED. PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	G-36704666	5,79	4.500,00 €
64	FUTBOL	CLUB DEPORTIVO NIETO	G-36687309	5,14	4.000,00 €
65	FUTBOL	RACING CASTRELOS FC	G-36710762	5,14	4.000,00 €
66	FUTBOL	RAPIDO DE BOUZAS FC	G-36711513	29,57	23.000,00 €
67	FUTBOL	RAPIDO DE PEREIRÓ	G-36874832	5,14	4.000,00 €
68	FUTBOL	C.D. SAMPAYO	G-36654654	0,64	500,00 €
69	FUTBOL	SAN MIGUEL C.F.	G-36743433	5,14	4.000,00 €
70	FUTBOL	SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	5,14	4.000,00 €
71	FUTBOL	SARDOMA CF	G-36615607	10,29	8.000,00 €
72	FUTBOL	CLUB DE FÚTBOL SAN ESTEBAN	G-36733020	0,64	500,00 €
73	FUTBOL	C.D. TEIS	G-36752640	4,63	3.600,00 €
74	FUTBOL	C.D. VALLADARES	G-36629657	0,64	500,00 €
75	FUTBOL	UD SANTAMARIÑA	G-36628774	9	7.000,00 €
76	FUTBOL	UVCD CANDEAN	G-36863348	5,14	4.000,00 €
77	FUTBOL	COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	7,71	6.000,00 €
78	FUTBOL SALA	ASOCIACIÓN VECINOS CALVARIO	G-36648293	0,39	300,00 €
79	FUTBOL SALA	CD "A.VV. A PAZ"	G-36888550	1,03	800,00 €
80	FUTBOL SALA	CD A PAZ 03	G-36924249	0,9	700,00 €
81	FUTBOL SALA	CCR CABRAL	V-36658680	0,9	700,00 €
82	FUTBOL SALA	C.V.C VALLADARES	G-36805158	3,47	2.700,00 €
83	FUTBOL SALA	C.D. IES CORUXO	G-27726835	4,5	3.500,00 €
84	FUTBOL SALA	CLUB CIOS Vigo	G-36795680	0,77	600,00 €
85	FUTBOL SALA	CLUB DEPORTIVO Vigo 2015	G-36982239	2,57	2.000,00 €
86	FUTBOL SALA	AVCR SAN MAMEDE ZAMÁNS	G-36691855	0,64	500,00 €
87	FUTBOL SALA	MOSTEIRO BEMBRIVE FS	V-36886422	7,07	5.500,00 €
88	FUTBOL SALA	S.D NOSAS RÚAS	G-36963312	0,77	600,00 €
89	FUTBOL SALA	UNIÓN FÚTBOL SALA	G-36888550	0,9	700,00 €
90	FUTBOL VETER.	VETERANOS DE TEIS C.F.	G-36916401	0,39	300,00 €
91	GOLF	REAL AEROCUB DE VIGO	G-36610384	2,06	1.600,00 €
92	HALTEROFILIA	CLUB HALTEROFILIA DE VIGO	G-36757623	0,77	600,00 €

93	HIPICA	CD ESTABLOS VIGO	G-36982296	0,9	700,00 €
94	HIPICA	C.HIPICO LA MURALLA	G-36890838	1,16	900,00 €
95	HIPICA	S.H. 1910	G-35944569	0,9	700,00 €
96	HOCKEY	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G-36684850	5,79	4.500,00 €
97	HOCKEY PATINES	CLUB HOCKEI TRAVIESAS	G-36680239	9	7.000,00 €
98	JUDO	ASOC. DEPORTIVA FAMU	G-36681633	9	7.000,00 €
99	JUDO	GALICIA SUR	G-27781541	1,41	1.100,00 €
100	KENDO	CLUB KENDO VIGO	G-27709120	0,64	500,00 €
101	KUNG FU	S.D. MARCOTE	G-36658052	0,64	500,00 €
102	KARATE	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G-36870160	9,77	7.600,00 €
103	LOITA	CLUB DE LOITA CIUDAD DE Vigo	G-36955565	1,16	900,00 €
104	LOITA	CLUB KUZUSHI	G-36696227	1,54	1.200,00 €
105	LOITA	CLUB DE LOITA EL CASTRO	G-36707586	1,16	900,00 €
106	LOITA	CLUB DE LUCHA SAN IGNACIO	G-36708303	2,19	1.700,00 €
107	MONTAÑISMO	CLUB PEÑA TREVINCA	G-36630192	1,54	1.200,00 €
108	MONTAÑISMO	CLUB MONTAÑA XISTRA	G-36743540	0,77	600,00 €
109	MOTONAUTICA	CLUB MINAUTA	G-36834240	0,77	600,00 €
110	MOTOCICLISMO	CLUB MOTOBOX	G-36973105	0,39	300,00 €
111	MOUNTAIN BIKE	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G-36850378	13,63	10.600,00 €
112	NATAACION	NATAACION TRAVIESAS	G-36823524	1,54	1.200,00 €
113	NATAACION	RIAS BAIXAS NATAACION	G-36827079	8,1	6.300,00 €
114	PADEL	CD PADEL FEM CIES	V-27713759	0,77	600,00 €
115	PATINAXE	CARPA	G-36645091	7,71	6.000,00 €
116	PATINAXE	CASTRELOS PATINAXE	G-36811974	3,09	2.400,00 €
117	PATINAXE	CLUB PATÍN VAGALUME	V-36982304	3,21	2.500,00 €
118	PATINAXE	CLUB PATIN VALADARES	G-36765733	3,21	2.500,00 €
119	PETANCA	BREOGÁN	G-36802247	0,26	200,00 €
120	PETANCA	CLUB CELTA PETANCA	G-36875417	0,39	300,00 €
121	PETANCA	CLUB PETANCA CABRAL	G-36765055	0,77	600,00 €
122	PETANCA	CLUB PETANCA GALICIA	G-36881639	0,64	500,00 €
123	PETANCA	CLUB PETANCA MADROA	G-27722354	0,26	200,00 €
124	PETANCA	CLUB PETANCA VIGO	G-36702413	0,77	600,00 €
125	PETANCA	CLUB PETANCA ENSINO	G-36798866	2,57	2.000,00 €
126	PETANCA	CLUB PETANCA FLORIDA	G-36792711	0,77	600,00 €
127	PETANCA	CLUB PETANCA O FORO	G-27753284	0,26	200,00 €
128	PETANCA	SABAJANES PETANCA	G-36646271	0,26	200,00 €
129	PETANCA	CLUB PETANCA SAMPAYO	G-36851202	0,26	200,00 €
130	PETANCA E CHAVE	CLUB PETANCA E CH. OS MUIÑOS	G-36727246	0,26	200,00 €
131	PETANCA	CLUB O XULIO	G-36792984	0,26	200,00 €
132	PETANCA	CLUB PETANCA TEIS	G-36288413	0,64	500,00 €
133	PETANCA	CLUB PETANCA A TOXEIRA	G-36899040	0,39	300,00 €
134	PETANCA	SCD XESTAS	G-36628543	1,41	1.100,00 €
135	PETANCA	CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	0,13	100,00 €
136	PIRAGÜISMO	CLUB KAYAK VIGO	G-36978559	3,21	2.500,00 €
137	REMO	CLUB DE REMO CORUXO	G-36726750	13,89	10.800,00 €
138	RUGBY	VIGO RUGBY CLUB	G-36680924	9	7.000,00 €
139	SQUASH	CLUB SQUASH RÍA DE VIGO	G-27736438	2,96	2.300,00 €
140	SQUASH	VIGO SQUASH	G-36929511	3,73	2.900,00 €
141	SURF	PRADO SURF CLUB	G-36850014	0,77	600,00 €
142	TAEKWONDO	AS SPORT	G-27749837	1,16	900,00 €
143	TAEKWONDO	ASOC. DEPORTIVA KIAP	G-36788594	1,16	900,00 €
144	TENIS DE MESA	C.D. TENIS DE MESA HELIOS B.	G-27762483	0,77	600,00 €
145	TENIS DE MESA	C.D. CTM VIGO	G-27779016	0,39	300,00 €
146	TIRO CON ARCO	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	1,67	1.300,00 €

147	TRIATLON	CLUB TRIATLON MAR DE Vigo	G-27730597	1,8	1.400,00 €
148	VARIOS	ANPA COUTADA BEADE	G-36616837	0,64	500,00 €
149	VARIOS	AGRUPACION DEPORTIVA VIGO	G-36651123	2,96	2.300,00 €
150	VARIOS	AVCD DE CABRAL	G-36651073	0,64	500,00 €
151	VARIOS	CIRCULO MERCANTIL E I. DE Vigo	G-36614097	3,86	3.000,00 €
152	VARIOS	CLUB DE CAMPO	G-36613685	6,43	5.000,00 €
153	VARIOS	CLUB DEPORTIVO CSCR BEADE	G-36904530	0,64	500,00 €
154	VARIOS	GIMNASIO SIMÓN	G-36886901	0,9	700,00 €
155	VARIOS	CORUXO FC	G-36708212	33,43	26.000,00 €
156	VARIOS	CLUB MARISTAS EL PILAR	G-36690782	4,63	3.600,00 €
157	VARIOS	MONTAÑEIRO CELTAS	G-36637890	1,54	1.200,00 €
158	VARIOS	POLICIA LOCAL CD	G-36912459	1,93	1.500,00 €
159	VELA	CLUB NAUTICO PUNTA LAGOA	G-36967156	0,9	700,00 €
160	VELA	MARITIMO DE CANIDO	G-36630127	1,8	1.400,00 €
161	VELA	LICEO MARÍTIMO DE BOUZAS	G-36613081	1,03	800,00 €
162	VOLEIBOL	C.D. BLACK VOLEY Vigo	G-27747864	0,64	500,00 €
163	VOLEIBOL	CLUB VIGO VOLEIBOL	G-36658219	24,43	19.000,00 €
164	VOLEIBOL	CLUB VOLEIBOL XUVENIL DE TEIS	G-36713493	9,64	7.500,00 €
165	VOLEIBOL PRAIA	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G-36990109	2,19	1.700,00 €
166	WU SHU	FIT SPORT	G-36988947	0,64	500,00 €
167	XADREZ	XADREZ LUCENA	G-36893154	0,77	600,00 €
168	XADREZ	XADREZ DR. J. CASÁS VILA DE BOUZAS	G-36918613	0,77	600,00 €
169	XIMNASIA ACROBATICA	FLIC FLAC	G-36931582	7,07	5.500,00 €
170	XIMNASIA RÍTMICA	CLUB MANIOTAS	G-36684819	7,07	5.500,00 €
				771,43	600.000,00 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2012-2013".

- Por presentar a solicitude fóra de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
C.B. ÁREA METROPOLITANA	G-36825347	130038087
TREBOADA S. SALVADOR F.S.	G-36645075	130039773
CLUB SIEIRO ACROBACIA	G-36846608	130038075

- Por renunciar con carácter previo á resolución:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
GZ HORSE	G-36363448	130065700

5(816).- PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO CIRCUÍTO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 11616/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD de data 22-07-13, conformado polo concelleiro-delegado de área; visto así mesmo o informe de fiscalización da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto Modificado nº1 das obras de “proxecto modificado nº 1 do proxecto de obras de mantemento e consolidación do circuíto de adestramento no parque de Castrelos, que non supón incremento do prezo do contrato.

Segundo.- Acordar a modificación do contrato de obras adxudicado á mercantil CONSLAR, SLU en sesión da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2012 por un importe de 137.257,10 euros, que ten por obxecto as “obras de mantemento e consolidación do circuíto de adestramento no parque de Castrelos”. A modificación acordada non implica incremento, nin diminución do importe de adxudicación. As obras executaranse conforme co sinalado no Proxecto indicado no apartado anterior.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á mercantil CONSLAR, SLU., contratista adxudicataria das obras e ao servizo xestor ao obxecto de proceda á formalización da modificación contractual acordada, tendo en conta que o prazo de execución pasa a quedar determinado no prazo de 3 meses dende a sinatura da acta de replanteo.

6(817).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2013. EXPTE. 10015/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.07.13, o informe de fiscalización do 12.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a FUNDACIÓN Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), con CIF: G36921278.

2º.- Autorizar o gasto de 180.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXIA DE VIGO (FAIMEVI) PARA A MONITORIZACIÓN DE EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS DE XERACIÓN RENOVABLE E A REALIZACIÓN DE AUDITORIAS ENERXÉTICAS EN EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, D. Bernardo Parajó Calvo co DNI 52450175D en calidade de Director da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), facultado polo Padroado da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo en xuntanza mantida o 28 de xuño de 2012, con domicilio social en Rúa Oporto, 1 – 1º 36201 de VIGO e CIF G36921278.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.

Que a mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo, e a súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego no sector das enerxías renovables e a eficiencia enerxética, fomentando o coñecemento e uso das enerxías renovables e da mellora da eficiencia enerxética, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa fundación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias de "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo".

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo".

A colaboración coa "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo", dentro do marco do Plan Municipal de Emprego, permitirá que por medio da instrumentación de novos contratos laborais, o mantendo dos realizados con cargo ao Plan Municipal de Emprego 2012, así como os necesarios para o bo desenvolvemento do proxecto, se dinamice a inserción en profesións rela-

cionadas co sector das enerxías renovables e a creación de novos postos no mercado laboral concedendo a oportunidade de obter unha formación teórico práctica que lles permita mellorar sus opcións de empregabilidade, así como mellorar, mediante os proxectos desenvolvidos desde a "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo", como é o caso da monitorización de edificios públicos e instalacións de xeración renovable, mellorando o tecido productivo local, así como as competencias requiridas no seo das empresas do eido local.

Deste xeito, Concello de Vigo a través do Plan Municipal de Emprego 2013, promove a formación de persoas e fomenta a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego e mellorando, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa, así como optimizar en todo momento a súa economía, as políticas de aforro, a eficiencia enerxética e a promoción das fontes renovables de enerxía.

Para acadar esta optimización de recursos, así como a normativa a aplicar, FAIMEVI, propón o mantemento do emprego de tres (3) persoas necesarias para o correcto seguimento e execución do proxecto, o mantemento de trece (13) profesionais contratados con cargo ao PME 2012 e a realización de dúas (2) novas contratacións, para a realización monitorización de edificios públicos e instalacións xeradoras da enerxía renovable dentro da estratexia do SMART CITY, así como levar a cabo auditorias enerxéticas en edificios e instalación deportivas municipais, levar a cabo actividades de concienciación, información e comunicación do uso racional da enerxía e das fontes renovables, así como a xestión das redes sociais corporativas.

Todas estas actividades propostas por FAIMEVI considéranse accións de interese para a nosa cidade, promovendo o uso racional dos medios enerxéticos, fomentando políticas de aforro, eficiencia enerxética e da promoción das fontes renovables de enerxía.

SEGUNDO: Polo anteriormente exposto, o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións, desexa promover e colaborar coa Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo que expresa a súa intención de participar activamente dentro do marco do Plan Municipal de Emprego.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Fundación da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)

ACORDAN

PRIMEIRO

O presente convenio suscríbese co obxectivo de artellar a colaboración entre o Concello de Vigo e FAIMEVI nas actividades de monitorización de edificios públicos e instalacións xeradoras da enerxía renovable dentro da estratexia do SMART CITY, así como levar a cabo auditorias enerxéticas en edificios e instalación deportivas municipais, levar a cabo actividades de concienciación, información e comunicación do uso racional da enerxía e das fontes renovables, así como a xestión das redes sociais corporativas, conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 26 de marzo de 2013 co nº de documento 130035295.

Así mesmo encadrarse dentro do Plan Municipal de Emprego 2013 que ten por obxecto establecer un marco de colaboración para manter e promover as contratacións facilitandolles os traballadores seleccionados a adquisición de experiencia laboral relacionada co uso e fomento das enerxías renovables e a eficiencia enerxética nos edificios públicos e instalacións deportivas municipais.

SEGUNDO

Corresponderalle a FAIMEVI a planificación e organización das actividades a desenvolver sempre co acordo do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, dependente da concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

TERCEIRO

A Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo realizará o mantemento do emprego de tres (3) persoas necesarias para o correcto seguimento e execución do proxecto, o mantemento de trece (13) profesionais contratados con cargo ao PME 2012 e a realización de dúas (2) novas contratacións, para a realización monitorización de edificios públicos e instalacións xeradoras da enerxía renovable dentro da estratexia do SMART CITY, así como levar a cabo auditorias enerxéticas en edificios e instalación deportivas municipais, levar a cabo actividades de concienciación, información e comunicación do uso racional da enerxía e das fontes renovables, así como a xestión das redes sociais corporativas., e fará cantas outras accións sexan necesarias para levar a cabo o presente convenio.

Así mesmo proporcionaralle ás/ós profesionais seleccionados formación en deseño e programación de páxinas web e lingua estranxeira.

O Concello de Vigo figurará adecuadamente en tódalas actuacións publicitarias e de difusión que se realicen, aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador, FAIMEVI, terá que aportar probas deste material co logotipo oficial con anterioridade a súa impresión para conformidade do Concello de Vigo.

CUARTO

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe de 180.000,00 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas, colaborando na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas. O pago a FAIMEVI realizarase contra a presentación da memoria de avalización das actividades realizadas.

QUINTO

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

SEXTA

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

SÉTIMA

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Tres vocais:
 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 2. Dous a membros da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo.

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.*
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

OITAVA

A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade conveniada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda.

As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.*
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da axuda e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da convenio procederá á devolución do orixinal.

NOVENA

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiariadeberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMA

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2013 e o 31 de outubro de 2013.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

DÉCIMO PRIMEIRA

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

DÉCIMO SEGUNDA

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TECEIRA

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.*
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.*
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.*
- Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axu-*

da, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade obxecto do convenio, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

DÉCIMO CUARTA

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora

DÉCIMO QUINTA

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade realizada e demais actuacións previstas en orden á conclusión do proceso, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA

A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

DÉCIMO SÉTIMA

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execu-

ción dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, en Vigo, _____ de 2013.

7(818).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CONXEMAR, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2013. EXPTE. 9910/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.07.13, o informe de fiscalización do 12.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", con CIF: G36636819.

2º.- Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4890010 "Convenios Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, don Jose Luis Freire Freire, como Presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), con CIF: G36636819, e enderezo social en Avenida Beiramar, 26 de Vigo, Representación que acredita con certificación do secretario da entidade, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados nos Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade máis inclusiva, máis xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sin ánimo de lucro de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar conxelados, permite:

- *A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e o seu hinterland. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira ofrece a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción.*

Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron un total de 2.500 millóns de euros en 2011, e manteñen un total de 4.200 empregos directos. A industria do conxelado da provincia de Pontevedra, localizada na súa maior parte en Vigo, exportou en 2012 un total de 695 millóns de euros, que representan o 10,7% do total das exportacións.

- *A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio. Calcúlase que cada visitante de Conxemar deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración de Conxemar é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.*
- *O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira: a organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.*

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vio o pasado día 5 de xuño de 2013 co nº de documento 130066755, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar ao maior benestar social
- b) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sin ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, enre as cuales cabe destacar a celebración de eventos feriais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLO	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	35.263	35.082	181	2.105	1.102	1.003	33.158	15.309	17.849

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

CONCELLO	PARO_TOTAL	AGRIC_GANA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN_EMPREGO
VIGO	35.263	492	5.072	3.444	23.377	2.878

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario e concretamente do relacionado cos produtos conxelados do mar, así como da implantación empresarial impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a celebración da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, considerada a primeira do mundo no sector do conxelado durante o segundo semestre do ano, e que na edición en 2012 contou coa participación de 475 expositores de 33 países, e preto de 25.000 visitantes profesionais procedentes de 87 países

V.- Que CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este

Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura", o Concello de Vigo e a dita CONXEMAR convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura", comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

- O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe. A Feira mobiliza anualmente a preto de medio millar de traballadores entre o persoal contratado pola organización e o contratado directamente polas empresas expositoras.*
- Mantemento de 6 profesionais dedicados á organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feria na sede da Asociación en Vigo.*
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- Nas oficinas de administrativas da entidade e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*

- *Respectar a estrutura organizativa de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”.*
- *Conceder directamente á CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” unha subvención total por importe de 100.000,00 € con cargo á partida 2410.4890010 “Convenios Plan de Empleo Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- *En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a relación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.*
- *A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Empleo do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de*

Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- Tres vocais:*
 - 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
 - 2. Dous a membros da Xunta directiva da entidade CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura".*

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de tres (3) meses a contar desde o remate da actividade subvencionada e sempre antes do 30 de novembro de 2013, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

- 1. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao

proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

2. As Retribucións de persoal da entidade correspondentes aos 10 días anteriores e os 5 posteriores à celebración da feira, xustificaranse mediante:

- a) Copia autenticada do contrato.
- b) Copia autenticada do TC1 e TC2.
- c) Copia autenticada das nóminas.
- d) Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- e) Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

3. Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.

4. Serán gastos admitibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2013 e o 30 de outubro de 2013.

5. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2013, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da feira.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitava.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo novena.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2013.

8(819).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS ATALAIA-TEIS, COSTEIRA-SAIÁNS E SANTA CRISTINA DE LAVADORES. EXPTE. 10715/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.07.13, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación, do 5.07.13, conformado polo concelleiro de Educación e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión das Escolas Infantís Municipais Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns e Santa Cristina de Lavadores (expte 10715-332) para o período comprendido entre o 10/09/13 e o 09/09/14.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será o seguinte:

Ano 2013 (10/09/2013-31/12/2013): 196.380,24 €, que se imputarán do seguinte xeito: 64.164,28€ á partida 3210.227.99.07 (Escola Infantil Municipal de Saiáns); 67.436,12€ á partida 3210.227.99.04 (Escola Infantil Municipal de Lavadores) e 64.779,84€ á partida 3210.227.99.08 (Escola Infantil Municipal de Teis).

Ano 2014 (1/1/2014-09/09/2014): 440.528,63 €, que se imputarán do seguinte xeito: 143.936,14€ á partida 3210.227.99.07 (Escola Infantil Municipal de Saiáns); 151.275,61€ á partida 3210.227.99.04 (Escola Infantil Municipal de Lavadores) e 145.316,88€ á partida 3210.227.99.08 (Escola Infantil Municipal de Teis).

9(820).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUNHA ÁREA DE XOGOS INFANTIL NO CENTRO COMERCIAL TRAVESÍA. EXPTE. 84514/210.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 1.07.13, conformado pola concelleira de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local. (B.O.P 30 de decembro de 2006)*

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A CDAD PROP.C.C. Y DE OCIO TRAVESIA DE VIGO (H84001866), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 17 de xaneiro do 2013 solicitou autorización para a instalación dunha área de xogos infantís na explanada de acceso peonil ó Centro

Comercial e de Ocio Travesía de Vigo, achegando ó efecto documentación técnica descriptiva da instalación interesada.

Segundo.- Na instrucción do expediente emitíronse informes polos seguintes servizos municipais:

- Oficina Técnica de Licencias da XMU de data 4.3.2013 e 25.6.2013.
- Servizo de Montes, Parques e Xardíns en datas 11 e 19 de abril do 2013.
- Servizo de Seguridade e Mobilidade en data 30.05.2013.
- Arquitecto Municipal de Patrimonio na data 7.06.2013.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A instalación proxectada ten por obxecto o establecemento pola interesada dun parque de xogos infantís na explanada de acceso peonil o C.C. Travesía de Vigo, nunha superficie de 10 X 6,85 m situado no lateral da praza, de acordo coa documentación técnica presentada e informada favorablemente pola enxeñeira técnica municipal do servizo de seguridade e mobilidade o 30 de maio do 2013.

Segundo.- A ocupación da Praza pública coa instalación proxectada, implica un uso privativo do dominio público, configurándose aquel que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

Terceiro.- É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Cuarto.- O órgano competente para o outorgamento da presente autorización é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no o artigo 127.1.f da LBRL, que lle atribúe a xestión do patrimonio.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Autorizar a CDAD PROP. C.C. Y DE OCIO TRAVESIA DE VIGO (H84001866) a ocupación do dominio público mediante a instalación dun área de xogos infantís na explanada de acceso peonil ó C.C. Y DE OCIO TRAVESIA DE VIGO, de acordo co proxecto presentado, e con sometemento ás seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1. A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar a vía pública coa instalación do parque infantil proxectado, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.
2. A interesada debera presentar, no prazo de 15 días dende a data de remate da obra, certificado de instalación consonte instalouse correctamente.
3. O Parque infantil e as súas instalacións estarán en todo momento en perfecto estado de conservación, debendo proceder a entidade autorizada, en caso contrario, a súa reparación ou

substitución. Todos os gastos de mantemento e conservación corresponderánlle á dita entidade.

A CDAD PROP. C.C. Y DE OCIO TRAVESIA DE VIGO responderá dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia do seu estado de conservación e mantemento, ou da súa utilización e funcionamento.

4. O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado do parque e instalacións, a súa adecuación ó proxecto e fins autorizados así como do estado do dominio público sobre a que están instalados. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose, en caso contrario, a revocación da autorización.
5. O Concello carece de responsabilidade algunha sobre o parque infantil e súas instalacións, non respondendo dos posíbeis danos, avarías, deterioros ou destrucción total ou parcial que poida sufrir, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuitos ou forza maior.
6. Cando por necesidades desta Administración fora preciso a reubicación do parque infantil, o seu traslado será por conta da entidade autorizada.
7. A presente autorización resulta condicionada ao outorgamento da correspondente licenza urbanística, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, ao proxecto de instalación do parque infantil, e sen prexuízo das demais autorizacións que requira.
No prazo dun ano, dende a data da formalización en documento administrativo da presente autorización, deberá terse outorgada dita licenza urbanística.
8. A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública, de acordo co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local.
9. A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 600 € (seiscientos euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público ocupado, nas operacións de instalación- desinstalación do parque infantil, ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento pola autorizada das demais obrigas previstas na presente autorización.
10. A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogable tacitamente por períodos anuais se non media denuncia por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima de dous meses ao remate do prazo en vigor, e ata un máximo de catro anos (incluídas as prórrogas).

O prazo computarase dende a data da notificación da licenza urbanística a que se atopa condicionada a autorización.
11. A presente autorización non será transmisíble a terceiros, nin susceptíble de ser gravada con carga ningunha.
12. A autorización extinguirase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:
 - a) Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización ou denuncia de calquera das prórrogas.
 - b) Renuncia da empresa á autorización.
 - c) Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.
 - d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
 - e) A non concesión da licenza urbanística no prazo previsto.
 - f) Disolución, fusión ou escisión da empresa.

g) *Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de tres meses.*

13. Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá á retirada do parque e instalacións do dominio público, nun prazo máximo de quince días dende a data da notificación da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren, e debendo repoñer o dominio público municipal ao seu estado orixinal.

Segundo.- A presente autorización formalizaráse en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.

Terceiro.- Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(821).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE D. AQUILINO MOLINA VALÍN POLOS SERVIZOS DE TRANSPORTE OS MESES DE XANEIRO A MARZO 2013. EXPTE. 86001/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a favor de D. Aquilino Molina Valín (Transportes Molina), con N.IF. 35.985.317-T unha indemnización substitutiva por importe de 10.890 EUROS (IVE engadido), cunha retención de IRPF do 1%, (90 €), pola prestación efectiva do servizo de transporte, montaxe e recollida de de vallas, sinais, servizo de seguridade viaria as 24 horas do día durante o período comprendido entre os meses de xaneiro e marzo de 2013, segundo as facturas nº 2037, 2039 e 2040, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer o dereito da citada mercantil, a percibir a cantidade reseñada polo referido concepto con cargo á partida 1330 2279905, Estudos e traballos técnicos, e, ao non dispoñer esta partida de crédito inicial, será con cargo á bolsa de vinculación, podendo imputarse o gasto á partida 1330 2270601, Estudos e implantación de medidas de tráfico, na que existe crédito adecuado e suficiente para atender o custo da prestación do servizo.

11(822).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE “ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DIVERSOS BOMBEOS DA REDE DE SANEAMENTO”. EXPTE. 1955/440.

Dáse conta do informe do xefe de Área de Fomento, do 16.07.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na clausula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

A memoria de "Actuación nas instalacións eléctricas de diversos bombeos da rede de saneamento", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de xuño de 2013, co número de expediente 2.344/443 e por un importe total de 59.638,98 € (IVE excluído).

En data 15 de xullo de 2013, Aqualia presenta no Rexistro Xeral do Concello a documentación requerida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "Actuación nas instalacións eléctricas de diversos bombeos da rede de saneamento", cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

- *Código do proxecto: Expte. 2.344/443.*
- *Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.*
- *NIF: A38849495.*
- *Orzamento de execución material: 50.116,79 €*
- *Orzamento de contrata: 59.638,98 € (IVE excluído).*
- *Prazo de execución: 1 mes.*
- *Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Xestión de Residuos.*
- *Clasificación do contratista: Non se require.*
- *Prazo de garantía: 2 anos.*
- *Asistencia Técnica: Non se require.*
- *Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.*
- *Coordinación de Seguridade e Saúde: Coordina.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

12(823).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DO ACCESO Á PRESA DE EIRAS”. EXPTE. 2401/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 22.07.13, que di o seguinte:

Obra: “ PAVIMENTACIÓN DO ACCESO A PRESA DE EIRAS”. Expte. 2350/443.

Localidade e situación: PRESA DE EIRAS.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTELA BUGALLO.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS

Contratista titular do plan: AQUALIA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. CASIMIRO FONTELA BUGALLO.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOSÉ LUIS CIVIDANES MATOS

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO.

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: AQUALIA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “PAVIMENTACIÓN DO ACCESO A PRESA DE EIRAS”.*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas

intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(824).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DO ACCESO Á PRESA DE EIRAS”. EXPTE. 2401/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: “PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE ACCESO A PRESA DE EIRAS”. Expte. 2350/443.

Localidade e situación: PRESA DE EIRAS.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTELA BUGALLO.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 14 de xuño de 2013 aprobou a MEMORIA VALORADA PARA A PAVIMENTACIÓN DO VIAL DE ACCESO A PRESA DE EIRAS”, cun orzamento de base de licitación de 44.211,48 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(825).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.